

REUNIÓN DO COMITÉ DE EMPRESA

Acta do 1 de decembro do 2010.

Asisten:

Presidente: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)

Vicepresidente: Ledo Pernas, Félix (CUT)

Secretario: Muñíz Seijas, Juan Carlos (CUT)

Vicesecretario: Boado Sexto, José Antonio (CUT)

Rodríguez Barba, Ana María (CUT)

Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)

Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)

Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)

Cordal Fustes, Jorge (CIG)

Pena Pérez, Enrique José (CIG)

Ríos Barbeito, Manuel (UGT)

Rey Souto, María Teresa (UGT)

Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO)

Non asisten:

Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)

Romero Beade, Manuel (USO)

López Domínguez, Javier (CC.OO)

Otero Canabal, Jorge (CCOO)

Iníciase a reunión ás 10 horas na sala nº 2 da Reitoría da Universidade.

Coa seguinte **orde do día**:

Punto 1º Análise, e toma das decisións que correspondan, sobre o acordo tomado polo tribunal no segundo exame de auxiliares de servizo.

- Ábrese un debate sobre o asunto da orde do día e acórdase, por unanimidade dos presentes, emitir o comunicado que se achega coa presente acta.
- Acórdase, tamén, recadar o parecer do sindicato sen representación na reunión, (CCOO) sobre o dito comunicado, faise a través de correo electrónico. Unha vez obtido o visto bo, procédese á súa publicación.

Comunicado:

O Comité de Empresa, en reunión celebrada o día 01 de decembro de 2010 acorda emitir o seguinte comunicado:

Con data 23 de novembro de 2010 o Comité presentou recurso de alzada contra a proba selectiva da convocatoria de auxiliares de servizos realizada o 21 de novembro de 2010, por considerar que se incumpría a convocatoria negociada no seu día coa Xerencia da Universidade.

Pretendíase con ese recurso, do que aínda non temos contestación, que a solución se tomase canto antes para que os danos fosen os menores posibles.

O Comité considera que a resolución tomada polo tribunal, con data 26 de novembro de 2010, pon fin as actuacións que como órgano de representación nos corresponde tomar.

Sen mais incidencias remata a reunión ás 12,25 horas.